



FAROS FERROL - A CORUÑA


Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2025



Distancia: 110 km en coche e camiñadas varias
Dificultade: baixa



Seguimos o noso percorrido polos faros de Galiza, neste caso polo tramo entre o faro de San Cristovo e a Torre de Hércules; ría de Ferrol, ría de Betanzos-Ares e ría de A Coruña. Plantexamos unha ruta principal que se pode combinar ou completar con camiñadas. En todos os tramos a paisaxe é moi fermosa. A única construción con categoría de faro é o da Torre de Hércules



Os faros son edificacións na costa para facilitar a navegación. Están dotados dun sistema de sinais visuais: pinturas seguindo uns códigos, para facelas visibles polo día, e luces para facelas visibles pola noite. Cada faro emite un sinal diferente formado por un número de destellos e ocultacións que permiten distinguilo de calquera outro da súa proximidade. Algúns, en casos de visibilidade dificultosa, emiten sons. Con carácter xeral chámanse faros a todas as estruturas de sinalización visual que emiten luz, aínda que os especialistas diferencian entre faros e farolas ou balizas.

Os **faros** son edificios de formas variadas e adoitan estar situados en puntos singulares da costa. O alcance da súa luz é moi elevado.

As **balizas** poden situarse en terra ou no mar, sobre boias. O seu alcance é menor que o dos faros e teñen formas e cores normalizados. Adoitan ir situadas en canles ou puntos de perigo en zonas de navegación. Marcan rutas seguras.

Aínda que na actualidade a navegación está controlada por sistemas electrónicos (GPS, RADAR) os faros seguen a ter importancia funcional, sobre todo pola noite, porque permiten verificar as posicións.



Torre de Hércules

PERCORRIDO

1 FARO DO CASTELO DE SAN CRISTOVO (Ferrol) (uns 12 km desde Ferrol)

Accedese desde A Malata pola estrada que vai a Cariño, na banda norte da Ría de Ferrol.

Ao seu carón consérvanse os restos do Castelo de San Cristovo, construído en 1793. Formaba parte do conxunto defensivo da Ría do século XVIII. Seguindo pola costa cara a Ferrol podemos ver o Castelo de San Felipe.

2 FARO DO CASTELO DA PALMA (MUGARDOS). Dirixímonos de Ferrol a Mugardos (27, 5 km) e logo pola estrada que segue o litoral ata Punta Segao. Podemos facer unha pequena parada en Mugardos para ver o porto e as casas tradicionais. Seguimos logo ata o Castelo da Palma onde podemos facer unha parada para visitar o Castelo e o faro.

3 FAROS DE SAN MARTIÑO (MUGARDOS). Están un pouco máis adiante do castelo da Palma. Son dúas torres de enfiada. Para volver podémolo facer pola mesma estrada.



Faro do Castelo da Palma (Mugardos)

Altura: 6 m sobre o terreo e 11 m sobre o nivel do mar

Alcance: 5 millas

Data de construción: 1862



Faro da punta das Baterías e castelo de San Cristovo



Faros de San Martiño (Mugardos)

Dúas torres de 13 e 8 m e **San Martiño** (Mugardos)

Dúas torres de 13 e 8 m



4 **FARO DE MERA (OLEIROS)**. Desde o castelo da Palma percorremos 48,9 km. Na contorna da punta de Mera podemos gozar duns fermosos cantís e achegarnos á vila e praia de Mera, ou o LIC Seixo branco

5 **FAROS DE PUNTA FIEITEIRA (OLEIROS)**. Despois de 9,6 km km chegamos ás dúas torres de Punta Fieiteira, nunha contorna moi fermosa e con boas vistas da ría. Nas proximidades temos as praias de Santa Cristina e Bastiagueiro.



Faro da Punta Fieiteira

TORRE 1: 10 m sobre o terreo e 29 m sobre o nivel do mar,
TORRE 2: 10 m sobre o terreo e 54 m sobre o nivel do mar,
Data de construción: 1963

Faro de Mera (Oleiros) Torre 1

Altura: 11 m sobre o terreo e 56 m sobre o nivel do mar
Alcance: 8 millas
Data de construción: 1917



Faro de Mera (Oleiros) Torre 2

Altura: 14 m sobre o terreo e 81 m sobre o nivel do mar
Alcance: 8 millas
Data de construción: 1917

6 **FARO DE OZA (A CORUÑA)**. Aos 4,9 km estamos en Oza onde podemos, ademais do faro, ver un porto industrial e unha praia.

7 **FAROS DO CASTELO DE SAN ANTÓN (A CORUÑA)**. 4,7 km despois chegamos ao castelo de San Antón onde podemos visitar o museo Arqueolóxico e o Faro.

8 **TORRE DE HÉCULES (A CORUÑA)** en 2,6 km máis chegamos ao noso destino final onde podemos dar un bo percorrido polas puntas Eiras (onde está a Torre de Hércules) e Herminia. Pódese visitar por dentro a Torre de Hércules e nas proximidade está o Aquarium Finisterrae.



Faro de Oza (A Coruña)

Comezou a prestar servizo en 1917 e en 1955, tras a construción do dique de abrigo, deixou de actuar como sistema de enfilación dos barcos e pasou a funcionar só como luz de referencia. Pechou en 1963 e no 2018 abriu para actividades públicas.



Faro do Castelo de San Antón (A Coruña)

Altura: 17 m sobre o nivel do mar,
Alcance: 6 millas
Data de construción: 1872



Torre de Hércules (A Coruña)

Altura: 49 m sobre o terreo e 106 m sobre o nivel do mar
Alcance: 23 millas
Data de construción do orixinal: século I d.C. e 1790, no tempo dos romanos.